Compostela Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

2019 → 2020

CONCERTOS DE ABONO

XOVES 19 DECEMBRO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

SERENATAS PARA UN SERÁN

Jaime Martín Director

Sala Mozart
19.45 h
CONvers@ndo con
JAIME MARTÍN Director

PROGRAMA

I
WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)
Serenata núm. 9 en Do maior "Posthorn", K. 320 (40´)

Adagio maestoso - Allegro con spirito
Menuetto: Allegretto
Concertante: Andante grazioso
Rondo: Allegro ma non troppo
Andantino
Menuetto
Finale: Presto

II
JOHANNES BRAHMS (1833-1897)
Serenata núm. 1 en Re maior, op. 11 (49´)

Allegro molto
Scherzo
Adagio non troppo
Menuetto I & II
Scherzo
Rondo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 45 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director artístico titular
Paul Daniel

Principal director invitado
Jonathan Webb

Director asociado
Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.
A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I
James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Ildikó Oltai **
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Yulia Petrushevskaya
Montserrat Seras ***
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Daniel Kordubaylo

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Enrique Roca
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Gyula Vadaszi
Andrés Fernández de Mera ***
Irina Gruia
Helena Sengelow

VIOLAS
Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS
Plamen Velev *
Ailsa Lewin **
Thomas Piel
Curro Pastor ***
Ana Cervera ***
Millán Abeledo
Carlos García

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Pablo Díaz ***
Luis Soto **

ÓBOES
Christina Dominik *
Roger Solé ***
Esther Viúdez **

CLARINETES
Beatriz López *
Jorge Ripoll (R)

FAGOTES
Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Vicente Pellicer ***

TROMPAS
Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *
Aitor Porta ***

TROMPETAS
Javier Simó *
Ramón Llátser **

POSTHORN
Javier Simó *

TIMBAL
José Vicente Faus *

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

JAIME MARTÍN

Director

En setembro de 2019 Jaime Martín foi nomeado Director Titular da RTE National Symphony Orchestra e Director Musical da Orquestra de Cámara de Los Ángeles. Desde 2013 é o Director Artístico e Titular da Orquestra Sinfónica de Gävle, a cal conseguiu un novo nivel de recoñecemento internacional debido ás súas últimas xiras e gravacións, moi eloxiadas polo público e a crítica.

Despois de traballar moitos anos cos directores máis inspiradores do noso tempo como frautista moi respectado, en 2013 decidiu dedicarse por completo á dirección e axiña foi requirido polo seu alto nivel. Entre o seus vindeiros compromisos, regresará ás Sinfónicas de Londres, Sidney, Melbourne, RTVE, Amberes, Colorado e á Orquestra Gulbenkian.

Durante a temporada 2018-2019 actuou en Madrid e Londres coa Sinfónica de Londres con Christian Tetzlaff como solista; realizou concertos con Joshua Bell e a Real Orquestra Filharmónica de Estocolmo; ademais dunha xira de nova concertos por Europa coa Filharmónica de Londres, con actuacións no Gasteig de Múnic e coa Filharmónica de Colonia. Tamén debutou como director na Concertgebouw de Ámsterdam coa Sinfónica de Gävle.

Ten traballado cun gran número de orquestras de primeiro nivel: Sinfónica da Radio de Frankfurt, Real Filharmónica de Liverpool, Real Orquestra Nacional Escocesa, Sinfónica da Radio Sueca, Simfònica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Sinfónica de Nova Zelandia, Sinfónica de Queensland, Orquestra Filharmónica da Radio Alemá de Saarbrücken, Filharmónica de Essen, Philharmonia Orchestra, Academy of St Martin in the Fields, Orquestra de Cámara de Saint Paul e Filharmónica de Radio Francia.

Foi frauta principal da Orquestra Nacional de Gran Bretaña, Orquestra de Cámara de Europa, Ópera Nacional Inglesa, Academy of St Martin in the Fields e a Orquestra Filharmónica de Londres.

Amplamente aclamado polas súas gravacións, entre os lanzamentos máis recentes para Ondine coa Orquestra Sinfónica de Gävle figura o *Cuarteto para piano de* Brahms arranxado por Schoenberg, *Songs of Destiny*, obras corais de Brahms co Coro de Cámara Eric Ericson e as *Serenades* de Brahms.

Jaime Martín é asesor artístico do Festival de Santander. Os últimos anos aportou estabilidade financeira e creou unha plataforma para algúns dos artistas máis destacados nos seus campos. Tamén é membro fundador da Orquestra de Cadaqués, á cal estivo asociado durante trinta anos e da que é Director Titular desde 2012.

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Case todos os compositores da época de Mozart escribiron música para as efemérides sociais celebradas ao aire libre como cenas, bailes, vodas, actos oficiais da corte, etc. Divertimentos, casacións e serenatas presentaban a miúdo carácter bailable e eran interpretadas por unha orquestra. O catálogo mozartiano organizado por Ludwig von Köchel inclúe algo máis de 626 obras dos máis diversos xéneros tan célebres como óperas, misas, sinfonías ou concertos para solistas sen esquecer xoias como as sonatas para teclado ou os cuartetos e, desde logo, moitas serenatas e divertimentos. As serenatas que sobreviven con xustiza, no repertorio orquestral e no gusto do público, son pezas como a *Serenata en sol maior*, coñecida como*Pequena serenata nocturna* (orixinalmente, *Eine Kleine Nachtmusik* e traducida *Unha pequena música nocturna*), a *Serenata núm.6 'Haffner'*, ou a *núm. 9* (contando ambas coa participación de madeira e metal). Estas pezas era partituras para datas sinaladas, como esta *Serenata Posthorn*, encargada para a cerimonia de peche do ano lectivo da Universidade Benedictina de Salzburgo, composta e estreada en 1779, despois dunha viaxe a París e Manheim na procura dun mellor traballo. O propósito da viaxe fracasou pero o brillante estilo orquestral de Manheim influíu nesta *Serenata KV. 320*, sobre todo, na rica e colorida orquestración. Unha curta e lenta introdución transfórmase nun *Allegro con spirito* máis rápido e ritmicamente excitante cuxo tema principal é un xesto agresivo dun so compás para as cordas, seguido dunha frase máis suave e case suplicante para os primeiros violíns que para Alfred Einstein era unha evocación simbólica das frecuentes peticións de Mozart para saír de xira fóra de Salzburgo e as reiteradas negativas do seu 'empresario' o arzobispo Colloredo. Tamén se podería percibir un satírico retrato dun profesor e as respostas dos alumnos ás súas

preguntas malhumoradas. En resumo, un movemento de contrastes dinámicos que inclúe exemplos claros dos poderosos *crescendi* da citada influencia Mannheim. O primeiro dos minuetos, conta cun trío brillante para frauta e fagot. No *Concertante*, o movemento máis longo, frauta, óboe e fagot teñen, cada un, un breve so seguido dunha humorística cadencia de grupo na que cada solista intenta interrumpir aos demais ata que todos coinciden no tempo. A pesar do festivo da ocasión, o corazón da peza, o *Andantino* é tráxico e tormentoso, semellante aos movementos lentos do *Concerto núm. 9* e a *Sinfonía Concertante K. 364* contemporáneos desta serenata. O segundo trío do segundo *Minuetto* inclúe un so de *corno di posta* (*posthorn* en alemán) instrumento usado polos mozos das postas dos séculos XVIII e XIX para anunciar as chegadas e saidas de carruaxes e xinetes. A súa aparición nesta partitura posiblemente foi unha chiscadela de Mozart aos universitarios, lembrándolles que pronto poderían voltar ás súas casas para as vacacións. Este animado movemento é seguido polo brillante e exuberante final do *Presto*.

Johannes Brahms (1833-1897)

A comezos do século XIX, a 'música de entretemento' diversificouse progresivamente: mentres que, por un lado, divertimentos, casacións e serenatas do clasicismo vienés parecían pasadas de moda, por outro, as marchas, os *Ländlers* e outras formas de danza estaban en constante ascenso por parte do público. Medio século despois, cando Brahms tivo en conta este xénero, a sociedade cambiara fondamente: máis que a necesidade de escribir por encargo para unha festa ou unha ocasión de celebración, pretendíase un replantexamento estético dun esquema do pasado, sen a necesidade da súa función orixinal. Brahms aceptou unha invitación da pequena corte de Lippe-Detmold

para dar clases de piano á princesa Frederike, dirixir o coro da corte e ofrecer concertos. De 1857 a 1860, instalábase entre outubro e decembro en Detmold, onde o seu horario de traballo permitíalle traballar na súa propia música. É sobradamente coñecido o eloxio de Schumann como herdeiro do legado musical de Beethoven "Se [Brahms] dirixe a súa variña máxica ao poder masivo do coro e da orquestra pode darlle a súa forza, podemos esperar entrever aínda máis marabillas no mundo segredo dos espíritos" e o peso que xerou sobre o compositor de Hamburgo e que lle fixo eludir a perspectiva dunha sinfonía cunha enxeñosa alternativa: unha serenata orquestral. As serenatas, de bucólica natureza, os seus variados movementos e o seu énfase en melodías líricas e desenfadadas, proporcionaron unha excelente oportunidade para explorar as posibilidades sonoras dunha orquestra completa sen as grandes expectativas compositivas que conleva a escritura dunha sinfonía. Ambas *Serenatas op. 11* e *op. 16* foron escritas xunto co *Concerto para piano núm. 1*, conformando un trío de obras que adoitan considerarse como o primeiro manifesto orquestral de calidade de Brahms. Cando o compositor comezou a escribir a Opus 11 -enfeitizado por Mozart e notablemente influído por Haydn segundo algúns expertos- fixoo para un ensemble de vento e cordas e logo reescribíu para pequena orquestra (ningunha das dúas sobrevivíu) ata que en 1859 ampliouna para orquestra completa estreada baixo a dirección do seu colega Joseph Joachim en 1860 en Hannover. Ao longo dos seis tempos da *Serenata*, Brahms xustapón a excitación coa melancolía: un *Allegro* de abertura e o seu enfático só de trompa contrasta cos suaves murmurios do *Scherzo*. No *Adagio*, de ritmo maxestuoso, Brahms amosa a súa inigualable habilidade melódica cunha serie de frases líricas; instrumentos solistas ou parellas de ventos dialogan coa orquestra completa. Dous minuetos conforman o

cuarto movemento, combinados entre si, suprimidos os seus tríos. O segundo *Scherzo*, a metade de extenso que o primeiro, amosa de novo a trompa solista; o tema principal do *Rondo* final repite o ritmo do *Adagio*, opoñendo o rítmico ao melódico. En 1862, o crítico Eduard Hanslick, quen se convertiría nun defensor a ultranza da música de Brahms, escribiu: "Consideramos a serenata, cuxa construción pode asumir as máis diversas formas, como o patio de recreo de soños idílicos, de entrañables pensamentos, da luminosidade e a alegría. É a sinfonía da calma".

PRÓXIMOS CONCERTOS

Domingo 5 de xaneiro
21.30 h
CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Geoffrey Styles, director

A. Copland, *An outdoor overture*
E. Elgar, *A variña da xuventude, Suite núm. 1 op. 1a*
E. Elgar, *A variña da xuventude, Suite núm. 2 op 1b*
A. Copland, *Billy the Kid: Waltz (Billy and his Sweetheart)*
A. Copland: *Hoe-Down, de Rodeo*

Xoves 23 de xaneiro
20.30 h
DANZAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Jessica Cottis, directora
Enrike Solinís, guitarra

I. Stravinski, *Danzas concertantes*
J. Rodrigo, *Concierto de Aranjuez*
L. v. Beethoven, *Ballet As criaturas de Prometeo op. 43* (fragmentos)

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural

@rfgalicia
@CCultura

CONSORCIO DE SANTIAGO | GOBIERNO DE ESPAÑA | CONCELLO DE SANTIAGO | XUNTA DE GALICIA | AUDITORIO DE GALICIA | Deputación DA CORUÑA